

09 MAR. 2017

Entrada nº:1097.....

Saída nº:

M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción solicitando o arranxo dos Xardíns Valle - Inclán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños están preocupados por un dos lugares con máis encanto, beleza e personalidade dun dos principais atractivos turísticos do noso Concello como son os Xardíns Valle Inclán, que están experimentando un deterioro progresivo.

É un lugar de interese turístico destacable e encóntrase na actualidade en situación de abandono. Nada máis chegar vense os bancos con falta de listóns de madeira, polo menos catro luminarias están rotas desde hai tempo, árbores que se secan e cortaron non se repóñen, si chove hai grandes charcos, o tellado do pombal está roto, ...

Apreciase abandono en todo o entorno, esquecéndose este Goberno Municipal do enorme potencial turístico, que pode ser unha forma de preservación dos recursos, desenvolvemento e dinamización do pobo.


Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º.- O goberno municipal fará unha actuación urxente nos xardíns Valle Inclán:

- reparará ou substituirá os bancos do Xardín,
- reparará ou substituirá as luminarias que non teñen luz,
- plantará as árbores necesarias,
- acondicionará o pombal e o firme para evitar os charcos.

Pobra do Caramiñal, a 06 de marzo de 2017.



Asdo.- M^a Teresa García Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.